



De conversa. Falamos con Ernesto Filgueira Eiras, un home afable e serio con pinceladas de distendido humor.

Isidoro González Paz
Xaime Iglesias González

Chegamos á casa de Ernesto, tímbramos e abriunos Ana, a filla máis nova, que nos invitou a pasar ata a cociña. Alí estaba Herminda que, ao decatarse de que viñamos falar co marido, axiña o foi buscar á sala onde descansaba aquela tarde de maio que chovía e, ás veces, arroiaba con forza.

Acomodámonos arredor dunha ampla mesa e conversamos relaxadamente, conversa na que, ademais de Ernesto, tamén participaban, de cando en vez, as súas raíñas: a dona e a filla.

- *Non sei se a miña cabeza estará para acordarse de moitas cousas. Xa teño moitos anos e a miña memoria xa non é a que era.* -Dinos nada máis comezar.

Esta prevención forma parte do modo de ser dun home serio, precavido e traballador, non exento de sentido do humor que aflorou en varias ocasións ao longo da conversa, mesturado con risas e ironías. Presenta Ernesto un estupendo aspecto físico e, para os seus oitenta e oito anos, goza de excelente lucidez. Naceu -apunta Ana: *naceu en novembro de 1930-* e viviu no lugar do Cruceiro onde pensa rematar os seus días.

Fillo de Josefa Eiras Martínez e José Filgueira Solla, foi á escola da Porta do Sol co popular mestre don Ignacio Peleteiro, xa maior, coñecido familiarmente por *Papá Ignacio*. Con el aprendeu a ler, escribir e as operacións aritméticas. Lémbrese das carencias e dificultades do ensino:

escasos recursos, elevado absentismo e clases moi numerosas.

- *As escolas daquel tempo carecían de medios, tanto para os mestres como para os alumnos. Un encerado e uns mapas eran todo o material escolar e nós, os alumnos, tiñamos una "pizarra" coa que había que ter moito cuidado para que non escachase. Os mestres castigaban de xeonllos e, ás veces, a vara andaba lixeira.*

E continúa:

- *A escola da porta do Sol estaba na planta baixa onde hoxe hai unha tenda de comestibles e no piso de arriba estaban as nenas. Eramos máis de cen rapaces e uns iamos pola mañá e outros pola tarde. Daquela faltábbase moito ás clases porque había que traballar nas casas. Había moitas pelexas entre os alumnos. Os Bujáns da Porta do Sol, os Ferrancheiros do Empalme e outros parecidos repartían moita leña.*

Pero Ernesto tamén nos conta que foi a clases particulares -*pasantías*, como el lles chama- ao Arco, con don Manuel Pérez, marido de Generosa a Resteva e, en Pontevedra (frente ao teatro principal), con dona Canducha. Aínda que onde máis aprendeu foi na escola da vida. Desde moi novo colaborou nos labores agrícolas da casa e aos doce anos, sen abandonalos totalmente, comezou a traballar na Telefónica que tiña as instalacións na praza da Ferrería, onde hoxe hai un comercio de roupa do fogar.



- *Estaba contento neste traballo. Era axudante do xefe e acórdome que unha das miñas funcións era levar diariamente a correos os partes da delegación e envialos a Madrid. Aínda me acorda a dirección exacta.*

Botou na Telefónica uns dous anos, pois, por indicacións familiares, comezou a traballar en Simeón, un prestixioso comercio de tecidos e confección instalado na rúa Michelena.

- *Non tardaron en destinarme a Vigo, a un comercio maior, onde ademais se vendía paquetería. Alí fíxeme viaxante e percorín case toda Galicia vendendo a mercerías e outros comercios do ramo. Botei vinte e un anos con Simeón, ata que decidín poñer un comercio en Pontevedra en compañía de Herminda.*

Así que en 1963 (*Ana* indícanos que *inauguraron o comercio o un de marzo*) colleron o traspaso de “La casa de los paraguas” a Justo Nieto, situada na praza de Méndez Núñez, que só vendía mantas e paraugas. Eles, ao principio, ofrecían artigos de mercería, paquetería e, obviamente, paraugas. Pero progresivamente foron ampliando a oferta con lencería, baño, complementos e confección para home e muller, cunha sección de traxes de cerimonia. Todo, baixo o nome comercial de “Ernesto Filgueira”, aínda que conservaron como sobrenome “La Casa de los paraguas” recollendo o desexo do anterior propietario.

- *Foi un dos comercios tradicionais da zona monumental de Pontevedra. Fómolo modernizando para adaptalo aos novos tempos, procurando ofrecer o mellor xénero. Mirabamos moito polos clientes aos que dedicabamos unha atención personalizada. Tiñamos unha clientela fiel. Os primeiros clientes, un matrimonio de Combarro, non só seguiron comprado toda a vida senón que trouxeron ao comercio amigos e familiares. E así moitos máis de Sanxenxo, O Grove, Arcade. Redondela, etc..*

Funcionaba ben o negocio, pero no ano 1977, despois de reformar o establecemento, este foi pasto dun devastador incendio. Ernesto lembra o sucedido con emotiva amargura.

- *Foi o día de san Fermín. A partir dun tocadiscos que deixaran acendido uns mozos que organizaran un guateque na primeira planta, estendeuse o lume a todo o edificio. Quedamos sen nada, sen local e sen mercancía. Foron momentos duros, cheos de tensión e preocupacións, pero houbo que botarlle valor e seguir para diante. Posteriormente mercamos todo o edificio e, despois de restauralo, dedicamos a comercio tamén a primeira planta e o resto facía de almacén de stoks.*

Neste aspecto, Herminda comenta: *“saímos adiante a forza de traballo e sacrificio e conseguimos volver a abrir, pero no medio tratamos de manter como se podía a actividade comercial vendendo baixo toldos que non evitaban que nos caese auga por todas as esquinas”.*

“Ernesto Filgueira. La casa de los paraguas” foi pioneira en desfiles de traxes de baño -unhas das súas especialidades- que organizaba na discoteca Equus. A positiva evolución necesitou contar con ata sete empregadas e permitiulles abrir outra tenda na rúa César Boente. Télienlle concedido premios pola vistosidade dos escaparates e, en 1916, estando xa á fronte do negocio o fillo Ernesto, a Federación Galega de Comercio concedeulle un premio pola súa traxectoria. Malia o dito, despois de cincuenta e cinco anos de actividade, pechou a portas.

- *Non se puido seguir cos comercios por varias razóns. Por exemplo: a dificultade do comercio tradicional para resistir a crise económica, o desprazamento do epicentro comercial a outras rúas da cidade e as novas tendencias comerciais de compra “on line”, ás que se lle pode engadir, no noso caso, a falta de relevo xeracional.*

Fiel ás súas raíces, Ernesto realizou durante moito tempo certos labores agrícolas, como podar ou sulfatar, e nunca deixou de coordinar os labores da labranza que había na casa. Repetía, en certo modo, o esquema de vida de seu pai, a quen admira.

Meu pai era moi traballador, gústalle moito ler. Emigrrou a Cuba onde aprendeu o emprego do formigón armado e outras técnicas aquí descoñecidas daquela. Aínda que ao volver se fixo contratista, seguiu a coordinar a labranza da casa. Facía excelente viño e tiña boas vacas. Unha delas recibiu un premio no Concurso Exposición



Comarcal de Ganados y Productos Industriales celebrado en Pontevedra en agosto de 1954. Chamábase Mora e, ademais de traballar ben, daba abundante leite e boas crías. O interese de meu pai por mellorar a situación da agricultura levouno a presidir a Sociedad de Agricultores e a Alianza Ganadera e pertencer á xunta directiva da Caixa Rural.

Da participación nesas entidades aínda quedan na casa tres pezas - un arado, un canado e un ferrado- que, en tempos non moi afastados, aínda se alugaban a veciños previo pago dun canon.

- *Cando un veciño utilizaba unha destas pezas pagaba unha cantidade e dábaselle un recibo. Un día de arado custaba cinco pesetas e medio día, tres.*

A conversa derivou ao cemiterio de Lérez, pois o seu portal de ferro foi pagado cos cartos obtidos nunha colecta que o pai de Ernesto promoveu entre a colonia de emigrantes lerezáns en Cuba.



Sempre defendeu que o cemiterio de Lérez era da parroquia. Díciame que era "cemiterio popular parroquial" que se puxo en marcha por iniciativa dos veciños, coas súa colaboración económica e de emigrantes. Actualmente hai algúns que non lles importa que pase a igrexa, pero a min non me gusta soltar o que é meu.

Tamén falamos de don Leandro, crego que exerceu en Lérez durante algo máis de corenta anos (1917-1957), home polifacético, de gran valía, con inquietudes políticas e sociais

- *Parece que don Leandro foi ao seminario por desexo da familia. El non quería ser cura. Era un home de bo fondo, pero home. Meu pai tenlle dado consellos a don Leandro e el tiñalle confianza e respecto. Foi "prohombre" da Hermandad Sindical e un dos organizadores da Feira do Campo en Pontevedra. Morreu só, pobremente, pero a súa popularidade quedou patente no multitudinario acompañamento.*

Non podíamos deixar de falar das diversións de cando era novo. Cóntanos que naquel tempo non había lugar para moito ocio, pois o traballo era o principal. Con todo vémolos alegres recordando algunhas anécdotas.

- *Eran tempos de miseria e poucas festas. Andabamos mallados de traballo e moitas veces o corpo pedía descanso. Os bailes e as festas eran as principais diversións. Cando se podía, íamos ao baile do Virote, onde aprendín a bailar. Custaba dous reais, pero como non había cartos facíamos de pasar dous ou tres coa mesma entrada. Tamén bailabamos na do Chosco, na Paloma, a onde acudíamos en numerosa "pandilla", no Pino, na Cañota, de mal ambiente, e máis tarde, no Mercantil do que son "medalla de ouro". Non faltabamos ás festas de Lérez que daquela había moitas (san Sebastián, a Candelaria,*

santa Lucia...) As do inverno valían pouco, pola chuva. Tamén íamos ás de Poio e Santiaguíño do Burgo.

Enlazamos agora coas festas do Cristo. Ernesto cóntanos que foi o primeiro presidente da Confraría refundada en 1985. Desde este ano ata 1998, unha comisión na que estaban representados confrades, veciños da maioría dos lugares e mesmo da xuventude, organizou unhas das máis esplendorosas festas da redonda, tanto no aspecto profano como relixioso.

- *Foron unhas das festas máis sonadas dos arredores. A concorrencia procedía de todas as parroquias próximas e de Pontevedra. Era un xentío. Había, incluso, actividades específicas para nenos e nenas como carreiras de sacos, cucañas e outros divertimentos infantís.*

Os ollos de Ernesto brillaban ao falar de como coñeceu a Herminda, mestra que deixou a escola para acompañar o marido na iniciativa comercial.

Dinos ela: *Exercín a docencia nunha escola que había na rúa Real e cobraba*

pouco máis de cen pesetas ao mes. Coñecémonos cando Ernesto traballaba en Simeón e paseabamos pola rúa. Traballamos moito pero a vida tamén nos deu alegrías. Tivemos tres fillos e unha filla, Ana, todos estupendos. E a todos tratamos de darlle unha formación para que tivesen un medio de vida digno e agora véndoos somos felices.

Ernesto remata o relato.

Herminda é o mellor que me pasou na vida.

Aínda que fose tanxencialmente, ao longo da conversa tamén aludimos a outros aspectos, uns xerais, outros cinguidos a Lérez. Ernesto sabe dos moicanos, algúns dos que, sendo novo, entraron a roubar na casa dos pais e levaron galiñas e roupa que estaba tendida a secar. Non esquece os títeres de Barriga Verde, espectáculo que presenciou en varios sitios, e que admitía o pago da entrada en especie (ovos, chourizos, patacas...). Tamén lembra o enterro da Sardiña que organizaban os gaiteiros da Piolla. Pero temos que esperar a outra ocasión para que Ernesto nos agasalle co seu saber destes e doutros temas que, sen dúbida coñece.

